

Non resulta doado acometer a revisión da obra dos místicos. Para os cren-tes, porque a fe pode alterar a análise; para os non crentes, pola dificultade de atopar o equilibrio entre razón e espiritualidade. E menos aínda cando, como no caso de Teresa de Ávila, houbo manipulación por parte do poder (desde o brazo que gardaba Franco canda el á recente invocación do ministro Jorge Fernández).

Para entender a personalidade de Teresa de Xesús e a tarefa reformadora que encetou temos que considerar dúas coordenadas das cales a relixiosa abulense resultou vértice: a procura do máximo nivel de achegamento a Deus e a superación dunhas estruturas relixiosas viciadas pola súa supeditación ao poder temporal dos poderosos.

*Como outros
místicos, naceu
nunha familia de
conversos*

Comezando pola segunda das coordenadas, cando a Idade Media remataba a Igrexa católica era unha entidade enriquecida grazas a un poder inmobiliario privilexiado pola exención de impostos que lle concedera o poder político. Se as congregacións monacais rurais acadaron un poder terratenente, as ordes mendicantes urbanas (e os bispados) conseguiron patrimonio inmobiliario.

Fronte a tal situación, a solución primeira foi a procura a salvación individual, facendo unha ponte por riba desa institución relixiosa fortemente corrompida. Esa foi a vía dos “iluminados”, os máis deles e delas axentes dunha fe arrouta-




Vista da cidade de Ávila.

Fe e vontade

Cinco séculos de Teresa de Ávila

JOAQUIM VENTURA



A Éxtase de Santa Teresa (147-1652), de Bernini.

Teresa de Ávila representa, canda o seu confesor e amigo Juan de la Cruz, o cumio da literatura mística en castelán. Coñecemos moitas das circunstancias que envolveron a súa vida polas confesións que puxo por escrito. Xa fosen inducidas ou pola necesidade de tirar de si as teimas cotiás, fosen materiais ou espirituais.

Aparte dunhas catrocentas cartas conservadas, escribiu *Camino de perfección* con intención didáctica. A súa experiencia (material e espiritual) como fundadora quedou recollida en *Las moradas del castillo interior*, e expresou a súa doutrina en *Conceptos del*

*A primeira
escritora
en castelán*

amor de Dios.

Non son menos importantes os manuais referidos á súa condición de fundadora e reformadora, entre eles *Libro de las relaciones*,

da. En paralelo, moitos dos que colleron por esa singularidade persoal –á cal non era alleo o individualismo renacentista– tiñan unha base na mística xudía: Teresa de Xesús, Juan de la Cruz, Luís de León e moitos máis naceron en familias de conversos.

Esta traxectoria foi analizada por Cathleen Medwick na biografía da santa *Teresa of Ávila: The Progress of a Soul* (1999) e publicada agora como *Teresa de Jesús. Una mujer extraordinaria* (Maeva).

A autora é unha xornalista neoirquina de orixes xudías, unha circunstancia que axudou a unha análise distanciada pero non por iso menos intensa.

*Tivo que disputar
as preferencias
populares con
Santiago Apóstolo*

Teresa de Ávila procurou, desde ben moza, un camiño de perfección espiritual tan autoesixente que, ben axiña, comezou a somatizar as

súas teimas (e así o confirmaron dous seus biógrafos franciscanos). Un camiño que a achegase directamente a Deus, polo cal o papel mediador da Igrexa resultaba sobeixo. E en paralelo a iso, a Igrexa tiña que enfrontar a contestación protestante pero, obviamente, sen perder as cotas de poder temporal que acumulara (vectores do Concilio de Trento). Pero esas vías paralelas facían que a institucional fose incompatible coa individual (ou monacal se era colectiva).

Teresa de Xesús optou pola reforma da congregación carmelita en clave de sinxeleza e pobreza, unha opción revolucionaria daquela. As simpatías, interesadas ou non, que acordou en mulleres poderosas (desde a duquesa de Alba á súa rival a princesa de Éboli) non sempre foron ben vistas pola fundadora. Desde a independencia individual (Teresa defendeu sempre a súa liberdade) tivo que aprender a navegar na complicada lexislación castelá, a dominar a loxística conventual e a temperar gaitas coas “iluminadas” que se lle achegaban e cos intereses duns eclesiásticos que, por convencemento e misoxinia, desconfiaban de calquera iniciativa feminina. Así, o que para Teresa era un camiño de salvación (a oración e a negación da riqueza), para os teólogos (os máis deles dominicos) a clausura tiña que limitarse aos rezos e á costura de maneira subordinada.

Foi a teresiana unha visión moi castelá, imposible de producirse en terras atlánticas ou mediterráneas. Finalmente, proclamada padroa de España, tivo que disputar as preferencias populares con Santiago. Venceu a espada por riba da pluma, a forza por riba do pensamento.

Libro de las fundaciones, Libro de las constituciones, Modo de visitar los conventos de religiosas, Visitas de descalzas.

E cómpre salientar a *Vida*, sobre ela mesma, da que escribiu diversas versións segundo lle foron solicitadas por admiradores, interesados ou non, e que nalgúnha ocasión foron obxecto de denuncia ante a Inquisición.

Se ben moitos críticos consideran que Teresa de Xesús empregou un rexistro literario intuitivo (sinxelo, rústico, con emprego de diminutivos), en realidade exerceu unha “retórica da feminidade”, un código que ía destinado á lectura por parte de mulleres